

BASES SELECCIÓN POSTO DE OPERARIO/A TURISMO

Contratación subvencionada pola Deputación Provincial de A Coruña.

Obxecto: Contratación laboral de 2 persoas, unha durante 6 meses e outra durante 4 meses aproximadamente, 25 h/semana para a Oficina de Turismo Municipal.

Requisitos:

-Desempregado/a

-Posuír algunha das seguintes titulacións:

- Técnico Superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente.
- Técnico en empresas e Actividades Turísticas ou equivalente.
- Grao en Diplomatura en Turismo ou equivalente homologado.
- Grao ou Licenciatura en Historia da Arte, Humanidade, Xeografía e Ordenación de territorio, Grao ou Licenciatura en Historia.

-Os xerais do acceso ao emprego público.

Presentación de instancia:

No rexistro do Concello de Muxía ou na sede electrónica (concelloodemuxia.com) antes das 14 h., no primeiro caso e das 24 h. no segundo caso, do día 12 de xuño de 2017.

Selección:

Será efectuada o día 15 de xuño, ás 10:00 horas mediante:

1.- Valoración de méritos:

- Cursos específicos en materia turística impartido por centros oficiais, Universidade, ou escola de Administración pública con duración superior a 20 horas.

- Coñecemento de idiomas (inglés, francés ou alemán): segundo certificación da EOI ou centro oficial de ensinanza:

- Certificado nivel básico: 0,10 p.
- Certificado nivel medio: 0,5 p.

- Certificado nivel avanzado: 0,75 p.
(Só puntuará o nivel máis alto)
- Curso de perfeccionamento de galego u Celga 4: 0,5 p.

2.- Cuestionario e/ou exercicio práctico sobre o materia obxecto do Anexo I destas bases, puntuando de 0 a 10 puntos e sendo preciso obter 5 puntos para enténdelo superado, non podendo acumularse para iso a puntuación da base de méritos.

Lista de admitidos/as:

O día 13, antes das 10:00 h., será publicada a lista de admitidos/as - excluídos/as, contra a que se poderá formular reclamacións ata as 12:00 h. do 14 de xuño.

Ese mesmo día será publicada a lista definitiva.

Anexo-

1. O municipio de Muxía: Termo municipal, poboación, patrimonio, recursos turísticos, materiais e medioambientais.
2. Breves nocións sobre os recursos turísticos naturais e medioambientais de Galicia.
3. Dereitos e deberes do persoal ao servizo da Administración Pública.
4. Nocións básicas sobre informática.
5. A atención nun oficina de turismo municipal.

Pode introducirse a realización dalgunha pregunta en outro idioma comunitario (inglés, francés ou alemán).

O tribunal seleccionador estará formado exclusivamente por persoal funcionario do concello.